

B
R
E
O

FRANCISCO NARLA



Brigantium



Tamaris

Lanobriga

Minius

Galez



Fazouro

Viladonga

Lagouzos

Lucus

V a e i a

S i l

As Médulas

Astúrica



BREO

O CELTA QUE DESAFIOU A ROMA

FRANCISCO NARLA

Tradución de César Lorenzo



O silencio esmagou o neno.

Cando apartou as mans, os berros acabaran. Xa non se oía nada. Nin sequera o vento se atrevía a bisbar entre as espigas.

E todo foi silencio. Un silencio que abafaba, até que as risas o escacharon.

O neno remexeu entre os talos. E viu aquelas risas, lonxe, alén do ce-real, apenas franxas borrosas, pero viunas; as risas, as sombras, as espadas, e o brillo dos fachos.

O millo miúdo, seco e cheo de verán, prendeu coma esca. E o lume creceu.

Insaciabes, as lapas tragaron o silencio. E as risas. Mais non o medo. Un corvo púxose a voar cun grallo e o neno apertou os ollos.

Non quería chorar, pero se obedecía, había morrer.

A mamá dixéralle que ficase alí, agochado. E non se atreveu a desobedecer. Non quería que se enfadase. Se se enfadaba non acabaría o conto. O da dama que vivía no manancial, na serra, onde se gardaban as neves.

Escoitá-rao mil veces. A bela engaiolaría o cazador. Sabíao, pero non quería que a mamá se enfadase. Quería escoitar o final. Quería sentirse arroupado e adormecer na súa voz.

Mais o lume non coñecía aquela historia.

Xa non habería seitura. A plantación converteuse nun pesadelo a lume vivo. Os grans rebentaban, as chispas voaban, caían e creaban máis chamas. E o fogo, que tiña présa, enguliuno.

Abrazou os xeonllos esfolados. E tусiu. E vacilou. E tivo que se render.

—Síntoo —tatejou—, mamá.

E desobedeceu.

Escapou, a gatas, arrastrándose coma os ratos, que fuxían espavorecidos. Esfolou os dedos, rabuñou as mans. Saíu, tropezando, sen ollar atrás, e

temeu que unha frecha lle atravesase o corazón. E tras el, furioso, o lume ruxiu.

Correu até a lomba e refuxiouse tras a silveira. A mesma que uns días antes lle regalara zumarentas amoras.

E volveu velos, do outro lado do lume. Xa non tiñan fochos, pero seguían a rir. Afastábanse do horror satisfeitos. Levaban o seu botín: a vitoria. Deixaban atrás o seu legado: desolación.

E o neno correu. Ao seu lar. Cara á mamá.

Cruzou as fileiras de pedras, os parapetos e o foxo. Pasou xunto ao madeiro onde se ataban as rédeas, deixou atrás as tallas sagradas. E chegou á muralla. Alí, flanqueado polas dúas torres, atopou o portón, baixo o enorme lintel do que penduraban os cabeiros.

Estaba escachado. Os troncos, crebados. As ferraxes, retortas. Ninguén volvería fechaló.

E o primeiro co que bateu foi con Zainus.

Loitara xunto ao papá cando Sexilus lles mentiu ás tribos. Fora un guerreiro do clan, e tamén quen lle aprendera a trenzar as crinas das eguas.

Levaran o seu casco. A súa arma, os seus brazais. E cortáranlle a man dereita, a da espada.

E non era o único. Espallados, rotos, os corpos sementaban a entrada. Pelexaran. E pagaran o prezo.

Ainvar, só un par de estacións máis vello, o primeiro en presumir de barba, tamén o intentara. A súa espada, melada, xacía a uns palmos. Era a arma dun neno facéndose home, e esa non a levaran.

Estaban todos mortos.

Só ficaba o lume.

Prendéranos nas esportas de gran. Nos teitos, na palla das cortes, en todo o que puidese arder. Dragóns furiosos, feitos de lapas, reptaban polos valados e ruxían sobre as casas. Consumían os postes, as varas, os xuncos; a uns pasos, ardía o obradoiro de Umar, aquel vellouco que tallaba frautas nas pólas do sabugueiro. Ardía o obradoiro e ardía o propio Umar.

O neno apartou os ollos do horror.

E correu. Correu unha vez máis.

Correu entre as casas, xunto as ortigas que abrollaban no limiar de Di-viciacus. Pisou os calveiros na herba, gastada por quen ían pedirlle consello ao papá. Saltou sobre a fochanca que había fronte ao cortello do Grosó.

Correu. Cun brazo en alto, para resgardarse das brasas. Polo camiño de sempre. Coma se regresase tras ir dar unha galopada sen permiso.

Pasou xunto á casa de Apanio, que era quen tecía os mellores cestos. E os cestos estaban en chamas. E ulía a mazás asadas, porque tamén ardía a gran maceira fronte á corte de Títoz.

Correu, e o inferno tragouno.

Quería escoitar como embruxaban a amada do cazador.

—Converteuna en loba, nunha loba branca...

O pendello da casa de vapor ardía. Máis alá, os pans de sal do almacén rebentaban entre estalos.

Correu. E intentou non mirar.

A pequena Briga, coas súas pencas, coas súas trenzas desiguais, xacía xunto ás varas de verbasco. Sorprendérona mentres a moi larpeira recollía as ricas flores amarelas.

Correu. E a mamá non lle rifou.

A mamá estaba alí.

Os dous estaban alí. Xunto á porta. E non o quixo crer, pero alí ardían as pelicas, a dun lobo e a dun oso, as sentinelas da familia. E alí estaban as marcas que o papá fixera segundo crecían os irmáns. E, máis alá, dentro, o tear da mamá.

E as lapas envolvíano todo.

El intentara protexela. Até o derradeiro intre.

Levaran a súa cabeza.

O neno caeu de xeonllos.

A man, sucia, tinta de sangue, amosaba os calos da espada. Os dedos, rexos, contaban outras historias, historias onde non había lobas brancas. Faltáballe o maimiño, perdido polo machado dun meridional. E tiña unha cicatriz.

—Trabou en min unha mula —dixéralle nunha ocasión.

Saloucou.

—Foi unha lanza —dixéralle noutra.

O fume apuñalouno.

—Caín cando neno; cando lle roubaba mazás a Títoz.

Nunca sabería a verdade. E aínda así coñecía ben, era a man do papá.

E a man do papá aferrárase a algo. Forte, curtida, coa súa cicatriz, sen un dos dedos, suxeitaba un derradeiro desexo. Un paxariño entre espiñas. A man da mamá.

—... Ao chegar a lúa nova —bisbou o neno—, o cazador soubo que o prazo remataba. Debía matar a loba branca. Estivera a esperala durante nove días. Nove días coas súas nove noites, como lle dixera a bela dama de louros cabelos...

O lume crecía e o castro convertíase nun pardiñoiro. A súa vida volvíase cinza. E aquel corvo rabuñaba as nubes voando sobre o inferno.

—É unha historia estúpida!

Os saloucos partiron as palabras.

—Era unha loba! O cazador non a puido recoñecer, non pode ser certa!, non...!

Un dos teitos derrubouse. Salpicou brasas e soprou bocaladas que encoraxaron outras chamas. Anacos dos postes saíron disparados. Un, a arder, cuberto de brillantes escamas, pasoulle a un palmo.

Tiña que saír de alí. Escapar. Correr unha vez máis.

—Non...

Repetiu queixoso. E só respondeu a vella maceira, que se fendeu cun estalo.

Non ficaba ninguén. Ou leváranos como escravos ou matáranos. Ninguén sopraría no corno polos mortos. Ninguén entoaría os cantos que honraban os valentes. Ninguén levaría o papá até a illa no gran río para entregárllelo aos voitres.

—Non —protestou—. É unha historia estúpida!

Daquela viuno. No canto entre a casa e a corte. Levaran as ovellas, pero deixaran algo atrás.

Unha vara de sorbeira, sobada polas batallas e rematada cunha estatuíña de bronce, un xinete que brandía unha espada sobre as tres colas de cabalo. As tres crinas brancas.

—Non —repetiu entre dentes apertados.

O neno achegouse. E algo irrefreable estrullou o seu rostro. Tisnada de feluxe, marcada polos regueiros das bágoas, aquela tenra cara encheuse de odio e nos seus ollos, da cor do mar, desatouse unha tormenta.

—Nooooooooooooon!

O berro arrincou algo da súa entraña e pateou o estandarte, con todas as súas forzas.

—Non!, non!, noooooooooon...

E tripouno. E maldixo. E arrincou os brazais, os que o papá lle regalara. E tirou con eles ao chan.

Un dos cortellos derrubouse. As pedras das casas branqueaban coma no forno cando estaba pronto para recibir o pan.

E oíu algo. Xemidos que saían da corte en chamas. E entrou sen pensar.

Para levar o rabaño mataran a cadela. A coitada, cun tallo no lombo, refuxiárase nun canto co seu derradeiro alento.

A lobeira, dun gris sucio e revoltoso, apagárase. E descubriu tras ela a camada que el mesmo axudara a nacer. A mamá dixéralle que facer e a cadela, agradecida, lambéralle as mans.

Seis cachorros. Dous pardos, que herdaban do pai. Outros tres indecisos, con manchas de ambas cores, e o último, o máis pequeno, cincenito, coma a nai.

Todos morreran, abafados polo fume. Todos agás un. O pequeno. Era el quen xemía. As súas patas amasaban o pescozo, pedindo un leite que non chegaría.

Achegouse. O cachorriño gríñiu e fixo aceno de trabar nel.

A furia do neno esvaecera, agora só quedaba o desconcerto. E a pena. Unha pena fonda e amarga.